



### ALBERGUE XUVENIL AREA (VIVEIRO)

#### INFORMACIÓN XERAL:

<b>DATOS XERAIS</b>	Albergue con capacidade para 120 prazas en habitacións de 5 e 6 camas. Conta con sala de TV, aulas para actividades, comedor, cociña, laboratorio, enfermería e instalacións deportivas
<b>SITUACIÓN</b>	Atópase ao pé da praia de Area na ría de Viveiro, mirando ao Cantábrico.
<b>ACCESOS</b>	Por <b>estrada</b> : a 5 km de Viveiro na comarcal 642. Autobuses de Lugo a Viveiro todos os días. Por <b>ferrocarril</b> : Estación FEVE en Viveiro, (liña Ferrol- Xixón).
<b>ENDEREZO</b>	Albergue Xuvenil "AREA" Estrada de Area, 20 27850-Viveiro – Lugo Tel .- 982 87 09 65 / Fax 982 87 09 68

#### QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
<b>Obxectivos</b>	
	Introdución aos deportes náuticos. Coñecemento e comprensión do ecosistema do litoral, a través dun proceso lúdico e activo. Espertar nos participantes actitudes e hábitos de colaboración, cooperación, integración e convivencia.
<b>NaturArea: Medioambiente mariño e náutica</b>	<u>Actividades náuticas</u> : vela, windsurf, kaiak, wakeboard, skimboard, paddellsurf e snorkel.
1-12 xullo 18-29 xullo 2-13 agosto 17-28 agosto	<u>Outras actividades</u> : Tiro con arco, aula de natureza mariña, raid con brúxula, orientación con GPS, cometas, longboard, taller de stopmotion, visitas a lugares de interese e veladas.

#### **NORMAS XERAIS**

- Os participantes estarán atendidos, permanentemente, por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.
- Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao campamento a **tarxeta sanitaria orixinal**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.
- O teléfono para poder falar cos acampados é o número: 982 87 09 65. O horario de atención será de 14:45 a 15:45 e de 21.45 a 22.15. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas

telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono, (os participantes poderán facelo despois da comida ).

4. Os participantes incorporaranse na data e horarios establecidos, acompañados dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada.

5. Ningún participante poderá abandonar o recinto do albergue sen autorización do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada, debendo cubrir o impreso axeitado, que lles será facilitado polos monitores; ademais da fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada, de se lo caso. Prégase non facer visitas de non ser necesario, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.

6. Débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos que estean tomando os participantes, e mesmo as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días.

7. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles ( con funda e cargador).

Como participante no programa de actividades de tempo libre no **Albergue Xuvenil de AREA en Viveiro**, o Servizo de Xuventude e Voluntariado dependente da Xefatura Territorial de Política Social de Lugo, logo de ter confeccionado o programa, infórmalle do seguinte:

- A incorporación realizarase o día de inicio da quenda entre ás **15:00 e as 17:00 horas** no ALBERGUE XUVENIL DE AREA EN VIVEIRO.
- O día de remate da quenda a saída dos participantes deberá facerse entre as **10:00 e as 12:00 horas** na mesma instalación.

Dadas as características das actividades a realizar aconséllase levar o seguinte material:

Útiles de aseo persoal e roupa interior <b>CREMA PROTECCIÓN SOLAR</b> Pixamas	Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, cazadora ou forro polar, sudadeiras, calcetíns...
Toallas de aseo e praia	Calzado deportivo, que sirva en caso de choiva
Traxes de baño e sandalias de goma con velcro	Chuvasqueiro
Sombreiro ou gorra	Pantalóns de deporte
Camisetas	Cantimplora
Pantalóns curtos ou bermudas	<b>TARXETA SANITARIA ORIXINAL</b> e talonario de receitas dos seguros privados
Bolsa para a roupa sucia Mochila pequena para saídas	<b>SACO DE DURMIR</b>
Medicamentos en caso de tratamento específico, suficientes para toda a quenda (que deberán ser entregados ao ATS)	
<b><u>Traxe de neopreno ou camiseta de licra</u></b> <b>ESCARPÍNS</b>	

***O horario tipo básico da quenda será o seguinte:***

08:30.- Erguerse e aseo persoal	09:00.- Almorzo
09:30.- Amaño de tendas	10:00.-Actividades
14:10.-Xantar e tempo libre	16:00.-Actividades
21:00.- Cea	22:10.-Actividades
23:30.-Deitarse	24:00.- Silencio

Esperando sexa do teu agrado a planificación da actividade que escolliches, recibe un cordial saúdo.